

## **NOTA DA VIGAIRÍA XERAL SOBRE OS ACTOS DE CULTO DA SEMANA SANTA EN TEMPOS DO COVID-19**

Estimado irmán no Señor:

A actual situación provocada pola pandemia do Covid-19 obríganos a revisar as celebracións da próxima Semana Santa para que poidamos vivilas con profundo sentido relixioso e coa necesaria seguridade sanitaria.

Tratemos de coidar con esmero a liturxia deses días, especialmente do Triduo pascual, no que Cristo “realizou a obra da redención humana e da perfecta glorificación de Deus”.

Ademais, debemos facilitar e orientar ás nosas comunidades para que, a pesar da inquietude do momento presente, poidan participar vivamente na liturxia destes días da Semana Grande.

Con esta finalidade comunícoche algunhas suxestións:

1.- Convidar aos fieis a vivir a Semana Santa en clave de fraternidade con todos os afectados pola crise do coronavirus.

Esta invitación faise extensiva tamén á práctica activa da virtude da caridade, tan necesaria nestes momentos de crise. Non esquezamos que a vivencia efectiva da caridade é o sinal da autenticidade do noso culto cristián.

2.- Insistir na importancia do Triduo Pascual, “coroamento luminoso de todo o ano litúrxico”, e animar aos fieis á participación viva na santa liturxia.

3.- Observar a normativa sanitaria vixente nese momento referido a: hixiene, aforo, uso de máscara, distancia...

Lembrede que a día de hoxe as normas prohiben o uso da auga bendita así como o tocar ou bicar obxectos de devoción.

4- Cumprir as normas relativas ao culto fóra dos templos. As circunstancias actuais, e as que se poden prever para o mes de abril, fan imposible a realización de actos de culto no exterior dos templos: procesións, sermóns, peregrinacións...

5.- Aproveitar os medios audiovisuais para facilitar aos fieis unirse á comunidade que celebra.

Tamén se lles pode dar a coñecer o horario dos ritos da Semana Santa celebrados polo Papa e que serán retransmitidos en directo por TRECE e a 2 de TVE.

A Diocese, pola súa banda, retransmitirá os Oficios presididos polo Bispo.

6.- Por último, animar a todos os fieis a intensificar a oración, coa intercesión de san Xosé, pedindo o final da pandemia e o consolo de todos os que sofren por mor da mesma.

Deséxoche unha piadosa celebración da Semana Santa.

**Asdo. Juan Luís Martínez Lorenzo**

*Vigairo Xeral*